



# INSTRUCCIÓN PARA REGULAMENTAR AS OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO DE 2017 EN RELACIÓN COA CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS, GASTOS E PAGAMENTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

<b>Código Seguro De Verificación</b>	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/17
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		





**INSTRUCCIÓN PARA REGULAMENTAR AS OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO DE 2017 EN RELACIÓN COA CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS, GASTOS E PAGAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE CORUÑA**

As operacións de peche do exercicio de 2017, no relativo á xestión financeira dos ingresos, cobramentos, gastos e pagamentos, desenvolveranse consonte esta instrución.

## **INGRESOS E COBRAMENTOS**

### **Primeira instrución: tramitación e xustificación de ingresos orzamentarios**

1.º As cantidades pendentes de ingresar por parte dos distintos concesionarios e arrendatarios de servizos desta universidade deberán comunicarse ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica antes do **29 de decembro de 2017**.

2.º No tocante á xustificación de ingresos finalistas que financien expedientes de gasto, a súa xeración deberase tramitar con antelación suficiente ao límite sinalado na instrución segunda para a tramitación dos documentos contables. A persoa responsable da organización do curso ou da actividade deberá achegar, xunto co xustificante de ingreso, a relación das persoas que efectuaron os ingresos, o NIF destas, a data do ingreso e a aplicación orzamentaria que financian (Instrución sobre tramitación de ingresos de cursos non regulados do 30 de outubro de 1995 e Instrución para cubrir o formulario de cursos, conferencias, relatorios, seminarios etc. e tramitar os gastos derivados destas actividades do 23 de maio de 2017).

3.º Durante os meses de novembro e decembro contabilizaranse normalmente aqueles ingresos que se reciban nas contas da UDC no devandito período e dos cales se teña información sobre a súa natureza e finalidade.

4.º Aqueles ingresos que se reciban nos últimos meses do exercicio económico e dos cales **non se teña información** acerca da súa natureza e finalidade, contabilizaranse ao final do exercicio con carácter provisional, no concepto non orzamentario de «Ingresos pendentes de aplicación». Para proceder á súa xeración no exercicio de 2017 a persoa responsable deberá comunicar antes do **29 de xaneiro de 2018** a natureza e finalidade do dito ingreso.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/17
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		



## GASTOS E PAGAMENTOS

### Segunda instrución: tramitación e xustificación de expedientes de gastos e pagamentos orzamentarios

1.º No tocante á tramitación dos expedientes de gasto e pagamentos, determínase o seguinte:

a) Todos os compromisos de gasto, incluídos os expedientes de gasto de tracto sucesivo, deberán estar formalizados contablemente (fases D ou AD) con data límite do **17 de novembro de 2017**. Nestes casos, para formalizar a fase D ou AD haberá que xuntarlle ao expediente a folia de pedimento.

Lémbrese que para os expedientes de gasto de tracto sucesivo e gasto estimativo (auga, gas, luz etc.) o compromiso de gasto formalizado en 2017 deberá ser suficiente para financiar as obrigas que posteriormente se deriven da súa prestación<sup>1</sup>.

b) A data límite de recepción no Servizo de Intervención de documentos contables en fase A, D, AD, ADO ou O será o **27 de novembro de 2017**.

c) Os expedientes de gasto que, por circunstancias xustificadas, non poidan chegar á fase **O** no exercicio de 2017 (isto é, que non teñan factura) relacionaranse no **Anexo I** desta instrución. Estes expedientes deberán enviarse ao Servizo de Intervención até o **29 de decembro de 2017**, que será a data límite para tramitar os expedientes de gasto que por circunstancias xustificadas non poidan tramitarse con anterioridade<sup>2</sup>.

d) Con esta finalidade, o **13 de novembro de 2017** será a data límite para que os expedientes de compromiso de gasto con cargo a fondos propios estean en poder do Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica, administracións dos centros, negociados de asuntos económicos dos centros de gasto e outras unidades administrativas que teñan ao seu cargo a tramitación económica, para a súa contabilización.

e) O **13 de novembro de 2017** será a data límite para que os expedientes de compromisos de gasto con cargo a fondos alleos ou finalistas (cursos con financiamento externo, convenios e contratos do artigo 83 da LOU financiados con fondos alleos, axudas externas a investigadores, proxectos investigación etc.) estean en poder do Servizo de Contratación,

<sup>1</sup> Para o cumprimento deste apartado deberá revisarse o compromiso contraído no exercicio económico de 2017 e, de ser necesario, tramitar neste exercicio o documento AD/D complementario a que se xuntará xustificación do incremento.

<sup>2</sup> Inclúense as lecturas de contadores de fotocopiadoras do mes de decembro.

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	3/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		





Patrimonio e Xestión Económica, administracións dos centros, negociados de asuntos económicos dos centros de gasto e outras unidades administrativas que teñan ao seu cargo a tramitación económica, para a súa contabilización.

Para os expedientes de gasto financiados con fondos finalistas (europeos, estatais, autonómicos e contratos do artigo 83 da LOU con financiamento alleo) e suxeitos a un prazo de execución e/ou xustificación que remata o 31 de decembro de 2017 ou no primeiro trimestre de 2018, a Xerencia poderá autorizar a excepción do cumprimento dos prazos establecidos nesta instrución, mediante unha resolución motivada e por pedimento da unidade responsable da axuda, na cal xustificará a urxente e inaprazable necesidade do gasto. O pedimento motivado do/a IP deberá ter entrada na Xerencia non máis tarde do **14 de novembro 2017**. Ao expediente de gasto unirase a autorización da Xerencia. Estes expedientes tramitaranse de xeito individual, en todas as súas fases, con indicación de que se tramitan de acordo co punto 1.º c) desta instrución.

f) No caso de convocatorias de axudas para a mobilidade financiadas con achegas da Comisión Europea, a través do SEPIE, programa Erasmus+ (acción KA103 e KA107 para SMS, SMT, STA, STT) e/ou fondos da UDC destinados a mobilidade internacional Erasmus+ (como cofinanciamento ou como anticipo), autorízase a tramitación de compromisos de gastos de exercicio corrente e/ou futuro até o 15 de decembro de 2017<sup>3</sup>.

g) A tramitación dos expedientes de gasto e pagamento referidos ás axudas resultado das convocatorias da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes aterase aos prazos específicos que determine a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia<sup>4</sup>.

Neste caso, a remisión ao Servizo de Intervención dos documentos contables en fase **ADO** ou **O** debe realizarse de forma obrigatoria co **Anexo V** desta instrución. Na parte superior de cada documento contable engadirase o indicador «XUNTA» en cor vermella, para a súa mellor identificación.

<sup>3</sup> Inclúense as reanualizacións, dentro dos límites establecidos no artigo 58 do DL 1/1999, polo que se aproba o TRLRFOG. A excepción adecuarase aos prazos e as condicións requiridos polo financiador.

<sup>4</sup> Cómpre ter tamén en conta os expedientes afectados pola RR do 14 de setembro de 2017, que modifica a RR do 7 de abril de 2017 para a tramitación orzamentaria, económico-administrativa e a operatoria contable que se debe seguir nos expedientes de gasto relativos á contratación laboral de persoal con financiamento alleo, de carácter plurianual, en que se estableza unha data límite de xustificación, por anualidade, anterior á finalización do exercicio orzamentario. Para estes anticipos, no caso de non poder acadar a fase O en 2017, deberá quedar formalizado neste exercicio o compromiso de gasto (fase AD).

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	4/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		



**Os expedientes de gasto ou pagamento que sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF rexeranse segundo o disposto no punto 3.º desta instrución.**

2.º Os expedientes de gasto que con data do **31 de decembro de 2017** non estean en fase ADO ou O quedarán anulados de pleno dereito. **Todos os compromisos económicos existentes que non figuren formalizados contablemente en fase D, consonte o que se determine para a incorporación de créditos ao exercicio de 2018, serán anulados en todas e cada unha das aplicacións orzamentarias (Anexo II).**

Non obstante, esta anulación non se aplicará ás convocatorias de bolsas e axudas realizadas durante o exercicio de 2017 que se atopen en fase A o **31 de decembro de 2017**.

Con data do **2 de xaneiro de 2018** anularanse os permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2017.

3.º No tocante aos expedientes de gasto que **sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF**, estarase ao seguinte:

a) Calquera expediente de gasto en fase **ADO ou O suxeito a IRPF** (bolsas, conferencias, asistencias, axudas de custo en xeral, facturas, alugueiros, traballos de colaboración etc.) terá como data límite de recepción no Servizo de Intervención o **17 de novembro de 2017**.

Estes expedientes de gasto con desconto do IRPF deberán ser remitidos ao Servizo de Intervención **de forma separada** do resto dos expedientes de gasto, coa indicación de que se tramitan ao abeiro do disposto neste parágrafo da segunda instrución de peche. Empregarase para tal efecto de maneira obrigatoria o **Anexo IV** desta instrución. Na parte superior de cada documento contable debe engadirse o indicador «IRPF» en cor vermella, para a súa mellor identificación.

Ademais, estes expedientes de gasto decláranse de urxencia por esta Xerencia para os efectos da súa fiscalización ao abeiro do artigo 7 da RR do 29 de abril de 2002.

b) Os expedientes de gasto correspondentes a conferencias, asistencias e indemnizacións por razón de servizo financiados con fondos propios da UDC que se tramiten despois do **13 de novembro e até 30 de decembro** imputaranse ao crédito inicial do exercicio 2018, con acreditación da reserva de crédito realizada no exercicio de 2017.

Os negociados de asuntos económicos comunicarán ao persoal dos seus respectivos centros esta circunstancia, para o efecto de tramitar en 2017 a reserva de crédito. No caso de que non se efectúe tal reserva e os expedientes deban validarse en 2018, a persoa responsable do crédito deberá xustificar as razóns do incumprimento.

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	5/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		



Para imputar o gasto ao crédito de 2018, ademais da documentación requirida para xustificar o gasto, acompañarase o PDF da reserva de 2017.

O indicado nos parágrafos anteriores non afectará aos expedientes de gasto tramitados con provisións de ACF (anticipo de caixa fixa), por ser necesario presentar a conta xustificativa nos prazos indicados no punto quinto desta instrución.

No caso de que se imputen gastos correspondentes a financiamento alleo finalista con cargo ás provisións de ACF, estes expedientes de gasto adecuaranse, na súa tramitación, ás condicións establecidas na normativa que regule cada axuda. Na conta xustificativa de ACF deberán indicarse o financiamento a que se imputa o gasto e as situacións particulares en que se incorre (anticipos por estadías, pagamentos anticipados de indemnizacións por razón de servizo etc.).

Lémbrese que os expedientes de gasto que se remitan para ser fiscalizados ou, de ser o caso, contabilizados deberán acompañarse da totalidade da documentación que estableza a normativa aplicable en cada caso. No suposto de que os expedientes estean incompletos devolveranse ao órgano xestor sen fiscalizar nin contabilizar.

c) Os servizos que xestionen recursos humanos (PAS, PDI, Investigación) remitirán ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, **non máis tarde do 1 de decembro**, os partes que correspondan ás altas/incidencias que afecten á nómina do mes de decembro.

As nóminas elaboradas polo Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social para se percibiren os haberes do mes de decembro deberán estar no Servizo de Xestión Financeira o **7 de decembro de 2017**, co fin de seren presentadas ao Servizo de Intervención o **15 de decembro de 2017**. O seu aboamento producirase a partir do **20 de decembro de 2017**.

Os servizos xestores verificarán que as aplicacións financiadoras contan co crédito axeitado e suficiente para lle facer fronte ao pagamento dos haberes do mes de decembro e das cotizacións correspondentes.

Os TC da Seguridade Social de novembro deberán ser presentados no Servizo de Xestión Financeira antes do **20 de decembro de 2017**. Pola súa vez, os TC da Seguridade Social de decembro deberán ser presentados no Servizo de Xestión Financeira antes do **12 de xaneiro de 2018**.

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	6/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		





d) Os servizos de Investigación e de PAS enviaranlle á Secretaría da Xerencia antes do **17 de novembro de 2017** os cesamentos do persoal contratado con cargo ao Capítulo VI do orzamento correspondentes a decembro de 2017.

### Terceira instrución: gastos plurianuais

Os compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros (gastos plurianuais) terán como data límite de formalización no sistema informático o día **15 de novembro de 2017**. Desde o **16 de novembro de 2017 non poderán adquirirse compromisos plurianuais**, agás cunha autorización expresa da Xerencia.

### Cuarta instrución: das solicitudes de pagamentos ao exterior

Só se tramitarán con cargo ao exercicio de 2017 os pagamentos que se reciban no Servizo de Xestión Financeira **antes do 10 de novembro de 2017**.

### Quinta instrución: da conta de «anticipos de caixa fixa» dos servizos centrais e os centros

1.º As datas límite de recepción das contas xustificativas no Servizo de Intervención serán as seguintes:

a) Para expedientes que sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF e axudas de custo: **24 de novembro de 2017**.

Estes expedientes de gasto con desconto do IRPF deberán ser remitidos ao Servizo de Intervención **de forma separada** do resto dos expedientes de gasto, coa indicación de que se realizan ao abeiro do disposto neste parágrafo da segunda instrución de peche.

b) Para o resto dos expedientes: **7 de decembro de 2017**.

2.º Unha vez recibidas todas as reposicións de ACF, reintegrarase o importe do acordo de caixa do exercicio 2017 aos servizos centrais e achegarase o impreso de conciliación da conta con data de referencia do 31 de decembro de 2017. Este reintegro efectuarase de forma obrigatoria **antes do 12 de xaneiro de 2018**. Non se poderá utilizar este acordo de caixa para atender gastos do orzamento de 2018, agás autorización expresa da Xerencia.

Unha vez recibido o reintegro do acordo de caixa do exercicio de 2017, dotarase a conta de ACF co novo acordo do exercicio de 2018.

3.º As caixas habilitadas pola UDC deberán presentar na Sección de Tesouraría a conciliación correspondente (libro de caixa, ADO xustificativos e remanente en metálico sobranter) con anterioridade ao **7 de decembro de 2017**.

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	7/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		





4.º Con data límite do **16 de xaneiro de 2018**, deberá remitirse ao Servizo de Xestión Financeira o **Anexo III**, referido ás transferencias efectuadas polo concepto de xuros da conta de «anticipos de caixa fixa».

### Sexta instrución: modificacións orzamentarias

As modificacións orzamentarias terán como data límite para a súa tramitación o **24 de novembro de 2017**.

Con cargo aos ingresos contabilizados durante os meses de novembro e decembro de 2017, e coa finalidade de se acharen actualizados os créditos orzamentarios para a súa incorporación, deberanse tramitar as modificacións orzamentarias (xeracións) que sexan consecuencia de ingresos de carácter finalista (proxectos de investigación, axudas, convenios, facturación, cursos etc.) con data límite do **26 de decembro de 2017**.

A partir do **25 de novembro de 2017**, a Xerencia, por razóns xustificadas, poderá autorizar aqueles expedientes de modificación orzamentaria (transferencias e xeracións de crédito) que, por mor da necesidade de atender expedientes de gasto ou falta de crédito, sexa preciso tramitar.

### Sétima instrución: solicitudes de emisión de facturas e cargos

O prazo de solicitude de emisión de facturas e cargos rematará o día **24 de novembro de 2017**.

A Xerencia poderá autorizar durante o mes de decembro as solicitudes de emisión de facturas e cargos que, por causas xustificadas, sexa necesario tramitar.

### Oitava instrución: validación/imputación

Os expedientes de gastos financiados con cargo a axudas da Xunta de Galicia e as súas entidades dependentes, que deban xustificarse antes do remate do exercicio, non fosen fiscalizados e se envíen para que, de ser o caso, a Xerencia autorice a súa contabilización, deberán ir acompañados da xustificación do motivo do incumprimento asinada pola persoa responsable do crédito e da documentación necesaria (orixinal máis copia) para lle remitir o expediente á Comisión de Asuntos Económicos (CAE). Logo de se contabilizar, a Xerencia remitirá o expediente ao Servizo de Intervención para este o tramite e realice o posterior pagamento, así como para que o inclúa na orde do día co fin de dar conta disto na seguinte xuntanza da CAE. O certificado da CAE incorporárase ao expediente orixinal.

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	8/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		





En todo caso, para contabilizar os expedientes de gasto con financiamento alleo deben cumprir na súa execución e tramitación os requisitos establecidos na normativa reguladora de cada axuda. No caso de se detectaren incumprimentos, as obrigas pendentes deberán financiarse cos fondos propios que indique a persoa responsable do crédito.

Os expedientes de gastos que se remitan para que os valide a Comisión Delegada de Asuntos Económicos ou os impute a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, terán como data límite de entrada na Secretaría da Xerencia ou na Vicexerencia do Campus de Ferrol o **17 de novembro de 2017**.

### **Novena instrución: expedientes de contratación administrativa**

A partir da data de publicación desta instrución non se poderán tramitar propostas de contratación administrativa de procedementos –abertos, negociados con ou sen publicidade, ou restrinxidos– agás naqueles casos que a Xerencia sinala debidamente como excepción.

### **Décima instrución: tramitación anticipada de expedientes**

Lémbrese a obrigatoriedade da tramitación anticipada de expedientes con cargo ao crédito inicial do exercicio 2018, cando sexa necesario que a execución dun expediente se inicie a principios do dito exercicio, segundo o procedemento previsto para o efecto na Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto do 6 de outubro de 2016.

### **Décimo primeira instrución: contratación laboral con cargo ao capítulo VI**

Durante os meses de decembro de 2017 e xaneiro de 2018 non se poderán tramitar expedientes de contratación laboral con cargo ao capítulo VI do orzamento da UDC, debido ás operacións de cerramento e de apertura de exercicio, agás aqueles que autorice a Xerencia por motivos debidamente xustificadas.

Para os contratos que rematan o 31 de decembro deberanse ter en conta as normas de peche do exercicio de 2017. Por este motivo, establécese como último día para solicitar as prórrogas o **3 de novembro de 2017**. Os documentos plurianuais só se poderán formalizar con data límite do **15 de novembro do 2017**, salvo a previsión de excepción indicada na instrución 2.<sup>a</sup>, letra f).

No caso de que se queira solicitar algunha contratación que **deba iniciarse** no mes de xaneiro de 2018, cómpre que se inicien os trámites coa suficiente antelación (publicación, solicitude etc). As solicitudes de contratación deberán entrar no Servizo de Investigación ou de PAS **antes do 10 de novembro de 2017** para que se realice a tramitación anticipada do expediente.

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	9/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		



## Décimo segunda instrución: excepción dos prazos

A excepción dos prazos previstos nesta instrución requirirá un escrito motivado, dirixido á Xerencia. Esta solicitude débese enviar á Xerencia a través do NAAEE ou responsable económico de cada centro<sup>5</sup>.

## Décimo terceira: trámites orzamentarios dos usuarios do sistema informático Universitas XXI-Económico

Lémbrese a todas as persoas usuarias do sistema informático UXXI-EC que, a partir da publicación desta instrución, cómpre que se revise a base de datos que corresponda a cada usuario e se eliminen os documentos contables e xustificantes de gasto sen asentar, de acordo coas pautas que se detallan no **Anexo II** que se xunta.

## Instrución final: remisión da documentación

A documentación suxeita a prazo nestas instrucións presentárase, debidamente identificada, nos servizos ou unidades administrativas que se indican e de acordo co modelo e as indicacións que se incorporan nos **Anexos IV e V**.

O último día de prazo de todos os trámites a documentación tamén poderá presentarse na Secretaría da Xerencia ou na Vicexerencia do Campus de Ferrol.

A Coruña, 29 de setembro de 2017

O xerente

P.S. A vicexerente de Asuntos Económicos e Análise de Custos  
(R.R. do 12/01/2016)

Yolanda Calaza Parajes

<sup>5</sup> Cómpre xustificar a urxente e inaprazable necesidade de tramitar o expediente de gasto no exercicio económico 2017, alén de indicar a fase en que se atopa o gasto: A, AD, ADO ou O.

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	10/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		



**Resumo de trámites e prazos ordenados cronoloxicamente**

TRÁMITE	PRAZOS
Solicitud de contratación laboral (capítulo VI) para aquelas prórrogas de contratos que rematan o 31 de decembro	03/11/2017
Recepción no Servizo de Investigación ou de PAS das solicitudes de contratación que deban iniciarse no mes de xaneiro de 2018	10/11/2017
Recepción no Servizo de Xestión Financeira das solicitudes de pagamentos en moeda estranxeira	10/11/2017
Data límite para que os expedientes de compromiso de gastos con cargo a <b>fondos propios</b> estean en poder da unidade xestora	13/11/2017
Data límite para que os expedientes de compromiso de gastos con cargo a <b>fondos alleos ou finalistas</b> (cursos con financiamento externo, convenios e contratos do artigo 83 da LOU financiados con fondos alleos, axudas externas a investigadores, proxectos de investigación etc.) estean en poder da unidade xestora	13/11/2017
Solicitud de excepción de prazos para expedientes de gasto con cargo a fondos finalistas suxeitos a prazo de execución (31/12/2017 ou 1.º trimestre de 2018)	14/11/2017
Data límite de formalización no sistema UXXI-EC de compromisos plurianuais adquiridos durante o exercicio de 2017	15/11/2017
Formalización contable de compromisos de gastos, incluídos aqueles de tracto sucesivo, en fase D ou AD	17/11/2017
Recepción de documentos contables en fase ADO ou O suxeitos ao IRPF (bolsas, conferencias, asistencia, axudas de custo en xeral, facturas etc.) no Servizo de Intervención (Anexo IV)	17/11/2017
Comunicación de cesamentos do persoal contratado do capítulo VI á Xerencia	17/11/2017
Remisión de expedientes de gastos para validar/imputar no exercicio de 2017	17/11/2017
Recepción no Servizo de Intervención das contas xustificativas de anticipos de caixa fixa, de forma separada, co IRPF	24/11/2017
Formalización dos expedientes de modificacións orzamentarias	24/11/2017
Solicitudes de emisión de facturas e cargos	24/11/2017
Recepción de documentos contables en fase A, D, AD, ADO ou O no Servizo de Intervención	27/11/2017

Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6Jdt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	11/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6Jdt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6Jdt/UDDIYA==</a>		





TRÁMITE	PRAZOS
Remisión ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, por parte dos servizos que xestionan recursos humanos (PAS, PDI e Investigación), dos partes de altas/incidencias que afecten á nómina do mes de decembro.	01/12/2017
Recepción no Servizo de Xestión Financeira da nómina de decembro de 2017	07/12/2017
Recepción no Servizo de Intervención das contas xustificativas de anticipos de caixa fixa sen IRPF	07/12/2017
Liquidación das caixas habilitadas e presentación da conciliación na Sección de Tesouraría	07/12/2017
Recepción no Servizo de Intervención da nómina de decembro de 2017	15/12/2017
Aboamento da nómina de decembro de 2017	A partir do 20/12/2017
Recepción no Servizo de Xestión Financeira da Seguridade Social (novembro de 2017)	20/12/2017
Tramitación das xeracións de carácter finalista para a actualización dos créditos que se incorporarán	26/12/2017
Expedientes de gasto que non poidan chegar á fase O (sen factura) no exercicio de 2017 (Anexo I)	29/12/2017
Ingresos pendentes por parte de concesionarios e de arrendatarios	29/12/2017
Anulación de expedientes de gasto que non estean en fase ADO ou O con data do 31 de decembro de 2017 (Anexo II)	31/12/2017
Anulación de permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2017	02/01/2018
Recepción no Servizo de Xestión Financeira da Seguridade Social (decembro de 2017)	12/01/2018
Reintegro da conta de anticipos con data de referencia do 31 de decembro de 2017	12/01/2018
Recepción no Servizo de Xestión Financeira das transferencias por xuros nas contas de anticipos (Anexo III)	16/01/2018
Identificación de ingresos, de novembro e decembro de 2017, e o seu tratamento contable.	29/01/2018


Código Seguro De Verificación	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
Observacións		Páxina	12/17
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		



**ANEXO I. RELACIÓN DE DOCUMENTOS CONTABLES EN FASE A, AD e D QUE NON ACADARON FASE O NO EJERCICIO 2017**

Centro de gasto: .....

Indicar tipo de doc. (A/AD/D) e núm.	Núm. de folia pedimento	Provedor (fase AD/D)	Xustificación por non acadar a fase O en 2017	Importe
<b>Importe total</b>				

<b>Código Seguro De Verificación</b>	9x22qUN7POK6Jdt/UDDIYA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	13/17	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6Jdt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6Jdt/UDDIYA==</a>			

**ANEXO II. EXPEDIENTES DE GASTO QUE CON DATA DO 31 DE DECEMBRO NON SE ATOPEN EN FASE ADO OU O**

Os expedientes de gasto que con data do 31 de decembro se atopan en estado de reserva de crédito ou retención de crédito, ou nas fases A, AD ou D, e teñan crédito comprometido que non sexa obxecto de incorporación, deberán anularse no sistema informático UXXI-EC mediante o seguinte procedemento:

- a) Anulación da reserva de crédito
- b) Elaboración dun documento contable negativo do documento que vai ser anulado (RC, -A, -AD, -D).

Para elaborar un documento contable negativo do expediente de gasto que vai ser anulado procederase do xeito seguinte:

Desde o *Módulo Docuconta*, consulte polo número do expediente que vai anular e ábrao. Unha vez se sitúe enriba do documento vaia á ficha *General = Anular Documento Activo* e aparecerá automaticamente na pantalla o documento negativo. Só ten que cambiar na ficha *Aplicaciones* o importe que se vai anular, agás que haxa que anular a totalidade. Na ficha *Contables*, no texto libre, indique que se anula polo motivo que proceda. Finalmente, gárdeo e xa está anulado.

Unha vez impreso, deberá remitilo para a súa fiscalización, xunto co documento positivo orixinal, ao Servizo de Intervención. Cando estea fiscalizado, será devolto ao centro para o seu arquivo.

Para liberar o crédito, ademais, deberá continuar anulando o expediente de reserva de crédito do seguinte xeito:

Desde o *Módulo Documenta*, ficha *General = Nuevo Expediente Negativo*, onde aparece o expediente anterior, indique o número de expediente que desexa anular (que aparece tanto no documento contable positivo como no negativo, pois é o mesmo número). Comprobe que na ficha de *Datos Orzamentarios* coincida o importe que aparece co que se vai anular e gárdeo.

Todos estes trámites referidos aos correspondentes documentos contables deberán estar rematados antes do **31 de decembro de 2017**.

Con data do **2 de xaneiro de 2018** anularanse os permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2017. Se con posterioridade á dita data fose necesario realizar algún trámite orzamentario, deberá solicitarse motivadamente poder facelo á Xerencia, para que desde os servizos centrais se realicen os trámites orzamentarios oportunos.

Cada usuario/a deberá revisar e solucionar aqueles trámites orzamentarios que por algunha circunstancia non acadaron a súa finalidade, segundo a nota aclaratoria sobre os trámites orzamentarios que cómpre realizar no sistema UXXI-EC, remitida no mes de outubro.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	14/17
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		





**ANEXO III. TRANSFERENCIAS POR XURS NA CONTA DE ANTICIPOS DE CAIXA FIXA**

Centro de gasto: .....

Conta: .....

Trimestre	Importe	Data do ingreso en conta xeral
4.º trimestre de 2016		
1.º trimestre de 2017		
2.º trimestre de 2017		
3.º trimestre de 2017		
4.º trimestre de 2017		
<b>Total</b>		

<b>Código Seguro De Verificación</b>	9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Yolanda Calaza Parajes	Asinado	29/09/2017 09:44:13
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	15/17
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==">https://sede.udc.gal/services/validation/9x22qUN7POK6JDt/UDDIYA==</a>		







